

Ábsida	Parte da igrexa situada na cabeceira, xeralmente de planta semicircular, e ás veces poligonal, cuberta con bóveda de cuarto de esfera.
Altorrelevo	Figura, ornamento ou composición en escultura que resalta do fondo máis da metade do seu vulto, xeralmente $\frac{3}{4}$ do mesmo.
Aparello almofadado	Obra ou muro construído con cantarías que teñen a súa parte frontal labrada en relevo e coas xuntas cortadas en bisel ou rebaixadas con relación ás caras.
Aparello de cachotería	Muro construído con pedras sen labrar, de forma irregular, que para un mellor asentamento se calzan con cascallos.
Aparello de perpiaño	Obra ou muro construído con pedras ben labradas, rectangulares, en forma de paralelepípedo, e de xuntas finas.
Arco apuntado	Arco formado por dous segmentos de circunferencia de igual raio pero diferentes centros, que forman ángulo na clave.
Arco de faixa	Arco de perpiaño, que reforza e divide en tramos a bóveda de canón, e se dispón transversalmente ao eixe lonxitudinal da nave. Propio da arquitectura románica.
Arco de ferradura	Arco formado por unha sección maior que a semicircunferencia.
Arco de medio punto	Arco formado por unha semicircunferencia e polo tanto de frecha igual á semiluz.
Arco formeiro	Arco paralelo ao eixe lonxitudinal dunha nave e que comunica unha nave con outra servindo de soporte das bóvedas.
Arco peraltado	Arco de medio punto sobreelevado a base de repetir a primeira doela, polo que a súa frecha é maior que a semiluz.
Arco rebaixado	Arco que ten a curva inferior a media circunferencia.
Arcobotante	Arco rampante exterior que descarga a presión lateral das bóvedas sobre un contraforte. Serve tamén como desaugue da chuvia a través da canle labrada no extradorso que chega ata a gárgola. É elemento fundamental da arquitectura gótica.
Arquitrabe	Parte inferior do entablamento clásico, sobre a que se constrúe o friso e que se apoia sobre o capitel da columna.

Arquivolta	Moldura concéntrica que forma a cara frontal de cada un dos arcos abucinados dunha portada románica ou gótica e que presenta decoración moi variada, figurativa (representacións humanas ou zoomórficas) ou xeométrica (como por exemplo axadrezados e dentes de serra).
Baixorrelevo	Composición esculpida que sobresaí do fondo menos da metade do seu vulto.
Baldaquino	Estrutura que a xeito de dosel cobre o altar maior dun templo, pía bautismal ou tumba. Consta dunha cuberta, sostida normalmente por catro columnas.
Baptisterio	Edificio xeralmente pequeno, exento, de planta central, cadrada, circular ou poligonal, situado xunto á igrexa, no que se administra o bautismo.
Base	Parte inferior da columna sobre a que repousa o fuste, composta xeralmente por molduras.
Bóveda de aresta	A formada polo cruce perpendicular de dúas bóvedas de canón da mesma frecha, resultando do encontro catro arestas angulares.
Bóveda de canón	A formada polo desprazamento dun arco de medio punto sobre soportes paralelos e nun eixe lonxitudinal.
Bóveda de cruz	A composta por arcos que se cruzan diagonalmente, tamén chamados nervios, cunha clave central común e co espazo cuberto por pano de muro lixeiro. Pode multiplicar os seus nervios e claves.
Cadro de Historia	Xénero pictórico que reproduce escenas do pasado, con intención conmemorativa ou nostálgica. Caracterízase por ser unha pintura narrativa: a escena representada conta unha historia e transmite unha mensaxe moral ou intelectual. Soen ser cadros de gran formato nos que hai unha concentración duns poucos personaxes principais en medio doutros secundarios en confusa multitude e todo enmarcado, xeralmente no fondo e nos lugares menos destacados do cuadro, por estruturas arquitectónicas propias da época que se representa.

Cadro de xénero	Pintura que representa con gran realismo escenas da vida cotiá. Tivo gran presenza no século XVII da man dos costumistas holandeses, representando persoas normais en escenas da rúa ou da vida privada, contemporáneas ao autor. O que distingue a un cadro de xénero é que representa escenas da vida diaria, como os mercados, interiores, festas, tabernas e rúas. Ditas representacións poden ser realistas, imaxinarias ou embelecidas polo artista. Nesta expresión se usa o termo «xénero» nunha tradución un tanto forzada do inglés «genre», polo que tamén se poden utilizar outras expresións similares como: cadro de costumes ou pintura costumisma.
Canon	Relación matemática que serve de módulo para establecer as proporcións ideais entre as diversas partes do corpo, nunha estatua ou pintura. Por exemplo, o canon de Policleto, establecía que a altura total do corpo debía conter sete veces a altura da cabeza, mentres que o canon de Lisipo máis esvelto, era de oito veces a altura da cabeza.
Capitel composto	Capitel que combina as follas do corintio coas volutas do xónico e que se emprega na arquitectura romana.
Capitel corintio	O capitel máis tardío da Grecia clásica, inventado segundo a tradición por Calímaco de Corintio, ourive do século V a.C.. Ten a forma dun cesto rodeado por follas de acanto en dúas filas superpostas e rematado nos ángulos superiores polas catro pequenas volutas dos caulículos.
Capitel dórico	O capitel máis antigo da Grecia clásica, consta dun ábaco de forma cadrada e dun equino de forma circular, que permite pasar da sección redonda do fuste á cadrada do ábaco. Na arquitectura romana foi adornado con molduras de astrágalo.
Capitel xónico	Capitel grego que se distingue polas volutas. Ten equino adornado con ovas e un ábaco estreito e rectangular.
Ciborio	Construción de planta cadrada ou octogonal en forma de torre, rematada en chapitel gótico, que se levanta sobre o cruceiro dunha igrexa.
Clarscuro	Distribución das luces e das sombras nunha pintura modelando as formas por gradación tonal para suxerir relevo e profundidade. Gravado con varias pranchas en dous ou máis tons que producen o efecto de modelado, moi usado nos séculos XVI e XVII.

Clave dun arco	Doela central dun arco
Columna salomónica	Columna típica do estilo barroco, que ten o fuste con desenvolvemento helicoidal (ou espiral) e de sección semicircular. Normalmente con decoración vexetal. O nome provén das columnas que segundo a Biblia estaban na entrada do templo do rei Salomón en Xerusalén.
Contraforte	Construción maciza adherida ao muro a modo de pilastra, para reforzalo e contrarrestar a carga sobre el dunha bóveda. Os contrafortes serven de apoio aos arcobotantes nas construcións góticas.
Contraposto	Termo aplicado a poses nas que unha parte da figura se presenta en movemento ou tensión e a outra parte en repouso. Foi moi frecuente na escultura grega esta composición da figura, que se libera da “lei de frontalidade” por exemplo, en moitas esculturas en que o peso do corpo é soportado por unha soa perna, e foi novamente moi empregada no Renacemento (Miguel Anxo e os manieristas).
Cor complementaria	Son as cores que se sitúan diametralmente opostas no círculo cromático: amarelovioleta, laranxa-azul, vermello-verde...
Cor plana	A cor sen modulación tonal, cor uniforme, homoxénea e sen textura.
Cor primaria	Son as cores que non poden obterse mediante mestura doutras cores. Na natureza son: vermello, amarelo e azul, mentres que nas artes gráficas son: cián (azul verdoso), amarelo e magenta (vermello azulado).
Cor secundaria ou binaria	As cores que se obteñen mesturando dúas primarias entre si: laranxa, verde, violeta; ou dúas primarias aditivas: laranxa (amarelo+vermello), violeta (vermello+azul) e verde (amarelo+azul).
Cornixa	Parte superior e sobresaínte do entablamento na arquitectura clásica ou parte saínte en forma de ángulo que remata o frontón clásico. Conxunto de molduras salientes que serven de remate superior dun edificio e que teñen a función de desviar a auga da chuvia que baixa polo tellado.

Cúpula	Bóveda semiesférica (xerada pola rotación dun arco) que cobre un espazo de planta cadrada, poligonal ou circular. O paso da sección cadrada á circular realízase por medio de trompas ou de pendentes. Ás veces, a cúpula non se eleva directamente sobre as trompas ou as pendentes, senón sobre o tambor, un corpo cilíndrico ou octogonal como un amplo anel, que permite unha maior elevación da cúpula. Sobre o centro da cúpula pode aparecer a lanterna, que é un segundo corpo cilíndrico ou poligonal pequeno e cuberto, con vans arredor que permiten a entrada de luz.
Curva praxiteliana	Ritmo en S na composición das figuras, característico da obra do escultor grego do século IV a. C. Praxíteles, en esculturas de figuras de suaves curvas e contornos.
Deambulatorio	Espazo que rodea o altar maior dos templos, por onde poden transitar os fieis. Tamén chamado “girola”, en castelán, é un elemento característico da arquitectura románica que logo se fixo extensivo á gótica. A súa utilidade xurdiu coa peregrinaxe masiva aos lugares de devoción popular, cando unha multitude de fieis concurría nunha igrexa para venerar as reliquias que nela se atesouraban. Este corredor proporcionaba a necesaria fluidez de circulación para que todos alcanzasen a reverenciar as sagradas reliquias e para non interromper a cerimonia relixiosa que se puidera estar oficiando na capela maior.
Doela	Peza de cantaría labrada en forma de cuña truncada que, disposta radialmente e xunto con outras, forma a volta dun arco.
Entaboamento	Estrutura superior dun edificio na arquitectura clásica, apoiada sobre as columnas e formada por arquitrabe, friso e cornixa. Tamén nunha construción os elementos horizontais sustentados por columnas ou piares.
Espazo límite	Trátase do espazo que inflúe dalgún xeito sobre a forma escultórica, delimitando a súa expansión. A forma escultórica ten que pegarse e adaptarse a ese espazo, moderando os relevos, os saíntes, os volumes, cun modelado de poucas ondulacións. Exemplo é a escultura románica, dominada polas necesidades da arquitectura.

Espazo medio	É un espazo aberto, onde os volumes poden expansionarse e despregarse. O espazo como medio ambiente, favorece a dispersión dos volumes, múltiples planos; nel a forma escultórica pode moverse con liberdade.
Éntase	Engrosamento na parte central do fuste da columna clásica, realizado coa finalidade de corrixir o efecto óptico de concavidade que se produce coa visión a certa distancia.
Escultura de vulto redondo	A escultura que se pode rodear e ver desde todos os ángulos. Oponse á escultura de medio vulto, que é un baixo ou mediorrelevo. Tamén escultura exenta.
Escultura exenta	A escultura que se pode rodear e ver desde todos os ángulos. Oponse á escultura de medio vulto, que é un baixo ou mediorrelevo. Tamén escultura de vulto redondo.
Esfumado/sfumato	Técnica pictórica que consiste en suavizar ou difuminar os contornos das figuras que se pintan mediante sombras e cores, superpoñendo varias capas de pintura extremadamente delicadas, proporcionando así á composición uns contornos imprecisos. Gradación sutil de luz e sombra nunha pintura, dando aos obxectos contornos esvaecidos. A invención desta técnica, así como o seu nome, se deben a Leonardo da Vinci.
Estatua ecuestre	A que representa unha persoa a cabalo e frecuentemente conmemora a líderes militares e gobernantes. Na Antiga Roma destacaban simbolicamente o papel de liderato activo emprendido desde a fundación de Roma pola clase ecuestre, os <i>equites</i> ou cabaleiros, polo que había numerosos retratos ecuestres de bronce (particularmente dos emperadores), pero a maioría non sobreviviu porque era práctica común fundir as estatuas de bronce para volver a usar a aleación para moedas ou outros proxectos (como novas esculturas para as igrexas cristiás). A única que foi conservada, a de Marco Aurelio debe a súa preservación á identificación errónea de Marco Aurelio, o emperador-filósofo, con Constantino o Grande, o emperador cristián.
Estatua-columna	Estatua adherida verticalmente a un muro ou columna. A adherida ao fuste dunha columna e da súa mesma altura é característica dalgunhas portadas de igrexas románica.

Estilo	Punzón que os antigos usaban para escribir en táboas enceradas ou superficies brandas. O xeito de usalo de cada escribán determinaba a existencia dunha caligrafía ou “estilo” peculiar. De aí deriva o sentido actual: conxunto de trazos orixinais e persistentes nun artista, época, escola ou zona xeográfica que permiten identificar a súa autoría e orixe: o estilo de Tiziano, o estilo gótico.
Friso	Franxa decorativa horizontal que forma parte do entablamento do templo grego, situada entre a arquitrabe e a cornixa e que soe ter decoración escultórica. Franxa decorativa horizontal situada na parte interior das paredes. Aplícase tamén a toda faixa decorativa que se desenvolve horizontalmente.
Fuste	Parte vertical da columna comprendida entre a base ou o estilóbata e o capitel.
Iconografía	Rama da Historia da Arte que estuda os temas representados na obra de arte, as súas fontes (xeralmente texto literario, historia ou alegoría) e o seu significado simbólico. Na arte occidental hai dúas grandes series iconográficas: a mitoloxía clásica e a cristiá.
Iconoloxía.	Corrente metodolóxica na análise das obras de arte iniciada polo historiador Aby Warburg, en 1912, e continuada por Erwin Panofsky que, fronte ao formalismo, defende unha cultura das imaxes con significados complexos, con sentido global, que aborde a análise da obra de arte profundando no significado conceptual ou ideolóxico co fin de comprender a obra no contexto cultural no que foi creada.
Imposta	Fiada sobre a que vai asentado un arco ou unha bóveda, ou moldura colocada entre a parte recta dun van e a doela inferior que inicia a curvatura dun arco. Cornixa ou moldura exterior que marca a separación entre plantas dun edificio.
Liña serpentinata	Liña da composición da figura humana que se caracteriza polo movemento xiratorio dos cadrís, ombreiros e cabeza, que se contrabalancean cun xiro violento sobre si mesmos. Propia do Manierismo.
Ménsula	Elemento arquitectónico que sobresaie dunha parede e que serve para soste un balcón, unha escultura, unha cornixa, os nervios dunha bóveda ou calquera outro elemento do edificio.

Métopa	Superficie cadrada ou rectangular entre dous tríglifos no friso da orde dórica. Primitivamente baldeira, máis adiante acabou decorándose cun panel de mármore plano ou con baixorrelevos. Son famosas pola súa beleza as métopas esculpidas en altorrelevo por Fidias para o Partenón ateniense, nas que se recollen varios episodios guerreiros da mitoloxía grega, Xigantomaquia, Amazonomaquia, Centauromaquia e da guerra de Troia. Na variante romana da orde dórica aparecen adornadas con bucranios. Fai tamén referencia a toda ornamentación mural que ocupa un espazo rectangular delimitado por un marco ou moldura.
Modelado	En pintura, técnica de imitar o volume dos obxectos con tres dimensións dando a aparencia de tridimensionalidade, que se consegue mediante a gradación de luces e sombras e o xogo de cores claras e escuras. En escultura, construción de forma tridimensional nunha materia maleable, como cera ou arxila, e que é un proceso oposto á talla directa.
Nártice	Construción columnada situada na entrada da basílica paleocristiá consistente nunha capela ou tribuna sobre un pórtico, destinada aos catecúmenos e penitentes. En ocasións asimílase a un adro. Tamén, nártex.

Natureza morta/bodegón	<p>Aplicase á pintura que representa unha composición a base de seres inanimados, tales como animais mortos e vexetais. Un bodegón/natureza morta é unha obra de arte que representa obxectos inanimados, xeralmente extraídos da vida cotiá, que poden ser naturais (animais, froitas, flores, comida, plantas, rochas ou cunchas) ou feitos polo home (utensilios de cociña, de mesa ou de casa, antigüidades, libros, xoias, moedas, pipas, etc.) nun espazo determinado. Esta rama da pintura sérvese normalmente do deseño, o cromatismo e a iluminación para producir un efecto de serenidade, benestar e harmonía.</p> <p>Con orixes na antigüidade e moi popular na arte occidental desde o século XVII, o bodegón dá ao artista máis liberdade compositiva ca outros xéneros pictóricos coma a paisaxe ou os retratos. Os bodegóns, particularmente antes de 1700, a miúdo contiñan un simbolismo relixioso e alegórico en relación cos obxectos que representaban. Algúns bodegóns modernos rompen a barreira bidimensional e empregan técnicas mixtas tridimensionales, usando así mesmo obxectos atopados, fotografía, gráficas xeradas por computador ou son e vídeo.</p>
------------------------	--

Paisaxe	<p>En arte, en sentido estrito, fai referencia a unha pintura ou debuxo que representa escenas da natureza, tales como montañas, vales, árbores, ríos e bosques. Case sempre se inclúe na vista o ceo, e o tempo usualmente é un elemento da composición. Tradicionalmente, a arte de paisaxes plasma a superficie da terra, pero pode haber outros tipos de paisaxes, como os que se inspiran nos soños.</p> <p>Podemos clasificala en paisaxe dependente que é a que serve de fondo a composicións doutro tipo de temática; así, o Renacemento utiliza a paisaxe como elemento complementario ao servizo da perspectiva, e tamén serve de fondo a cadros doutro xénero, como a pintura de historia ou o retrato). Paisaxe autónoma, esta é a paisaxe propiamente dita, foi en Centroeuropa onde primeiro comezou e no século XVII os holandeses definen a paisaxe dun xeito realista. O século XVIII inglés recolle esta tradición e abrirá o camiño á paisaxe como xénero pictórico, que terá na escola francesa de Barbizón e nos impresionistas aos seus máximos valedores. O hiperrrealismo, coa súa realidade fotográfica, é o último gran intento de captación da esencia da paisaxe. Oposto á visión da realidade existe a chamada paisaxe de creación, que ten no primeiro Renacemento e no Romanticismo os seus momentos máis definidores, aos que temos que engadir a paisaxe surreal e metafísica.</p>
Parteluz	Elemento vertical, columna ou piar, que divide un van en dúas partes.
Pendente	Sistema construtivo triangular básico para a construción dunha cúpula xa que permite a transición dunha planta cadrada á base circular ou anel da cúpula. A pesar de que parece estar colgando da cúpula, de aí o seu nome, realmente está sosténdoa. En castelán recibe o nome de pechina, pola súa forma que semella á cuncha de molusco que os peregrinos levan sobre o peito.
	Cada un dos triángulos ou trapecios esféricos situados nos ángulos de asentamento da cúpula, formados polo anel da cúpula e polos arcos torais. Elemento cóncavo e triangular de albanelería.

Perspectiva xerárquica	Característica da representación na que o tamaño das figuras responde á importancia do personaxe e non a súa aparencia e proporción obxectiva.
Perspectiva aérea	A percepción da profundidade nunha pintura pode ser realizada pola presenza dunha especie de brétema que envolve os personaxes, debuxando os do fondo máis esvaecidos co obxecto de dar unha impresión máis real de distancia. A perspectiva aérea é a representación desa néboa ou vapor, que se engade á ilusión de profundidade nun espazo pictórico sobre unha superficie plana. É a que toma en consideración a gradación de tons e a imprecisión de liñas que provoca a interposición da atmosfera entre os obxectos e o observador. Conséguese usando menos enfoque e unha máis apagada tonalidade para os espazos e obxectos distantes representados no cadro. Tamén chamada perspectiva atmosférica.
Perspectiva lineal	Sistema de representación espacial que utiliza un punto de fuga central desde o que diverxen todos os planos. As liñas das figuras converxen no fondo e son cada vez máis pequenas, diminuindo de acordo coas chamadas liñas de fuga que converxen no punto de fuga. Por outro lado, as liñas de edificios e outros obxectos do cadro están inclinadas cara ao interior, facendo que parezan estenderse no espazo, e se as alongamos chegaremos a un punto dunha liña imaxinaria de horizonte que representa o nivel do ollo. Cada liña imaxinaria é chamada ortógono e o punto de unión desas liñas chámase punto de fuga. A invención da perspectiva lineal data de comezos do século XV, con Filippo Brunelleschi e León Battista Alberti. A realización irregular anamorfoses da perspectiva lineal pode producir ilusións ópticas chamadas
Pictórico	Son varias os contextos nos que se aplica este termo: <ul style="list-style-type: none">• Relativo á arte ou técnica da pintura.• Sensación que produce unha pintura de textura moi realizada.• Paisaxe ou ambiente natural que polas súas calidades plásticas semella unha pintura.• Aplícase a algo que é adecuado para ser representado en pintura.

Piar	Elemento de soporte vertical, exento, de sección poligonal ou cuadrangular que non está sometido á normativa dunha orde estilística.
Pilastra	Elemento vertical de sección rectangular, pegado a un muro, composto ás veces de base e capitel. Pode ter función construtiva de soporte ou ben ser só ornamental.
Plan central	Planta na que toda a construción se desenvolve en torno a un eixe central.
Planta basilical	Planta lonxitudinal, que pode ter divisións internas por medio de columnas. Propia da arquitectura romana foi adoptada pola igrexa paleocristiá.
Planta cruz grega	Planta cruciforme na que os dous brazos da cruz son iguais.
Planta cruz latina	Planta cruciforme de brazos desiguais, o brazo maior ou vertical e o brazo menor ou horizontal, este último chamado transepto ou cruceiro porque é o que se cruza co brazo maior dividíndoo en dúas partes desiguais.
Plástico	<p>Palabra empregada inicialmente como adxectivo para expresar a capacidade e a facilidade que distintas substancias posúen de adquirir unha forma determinada grazas ás súas propiedades de elasticidade e flexibilidade.</p> <p>Aplícase tamén ás calidades dunha pintura ou escultura en canto ao tratamento do volume.</p> <p>As Artes Plásticas por excelencia son a pintura e a escultura, as que manipulan distintos materiais para construír formas e imaxes dentro dunha concepción estética determinada.</p>
Presbiterio	Parte dunha igrexa onde se sitúa o altar maior, xeralmente nun nivel superior ao resto do templo. Ocupa a ábsida da cabeceira da nave principal e pode estar separado dela por chanzos ou por un cancel. Nalgunhas igrexas o coro está situado no presbiterio.
Retrato	Obra de arte que representa unha persoa concreta ou un grupo de persoas. O retrato mostra tanto o aspecto exterior como pode revelar algo da personalidade dos retratados. Os retratos poden ser escultóricos, pictóricos ou fotográficos.
Rosetón	Nome que reciben os vans circulares calados con corpo de trazaría e vidros de cores que se abren nas paredes ou forman parte dos vitrais góticos. Propio das catedrais románicas e góticas.

Técnica de panos mollados	Técnica escultórica consistente en que vestido e corpo se identifican mediante a representación das transparencias do corpo humano producidas cando a roupa está mollada. A tea é fina e lixeira con pregues lineais e estilizados. Empregada por Fidias nos relevos do Partenón.
Tímpano	Nunha portada románica ou gótica, panel semicircular de pedra que cobre o espazo entre o lintel e o arco, decorado con relevos escultóricos. Nun templo clásico, espazo triangular interior do frontón, delimitado por dúas cornixas inclinadas e unha horizontal, decorado con relevos figurativos.
Torso	Obra escultórica na que está representada soamente o tronco do corpo humano, é dicir, unha figura sen cabeza, brazos nin pernas.
Tribuna	Na arquitectura románica, galería aberta situada sobre as naves laterais das igrexas, da mesma anchura que estas, que por unha parte se abren á nave central e pola outra ao exterior. Nalgunhas épocas estivo reservada ás mulleres.
Triforio	Na arquitectura gótica, estreita galería de carácter decorativo aberta no muro e construída sobre as arcadas das naves laterais. Situado entre as grandes arcadas da nave central ou do transepto e as ventás superiores, o triforio é unha galería ornamental aberta con ventás xeralmente tríforas.
Tríglypho	Elemento decorativo do friso da orde arquitectónica dórica, consistente nun bloque de pedra de fronte rectangular que leva labrados tres glifos ou acanaladuras paralelas verticais e dous medios canais. Decora o friso dórico combinándose dun xeito alterno coas métopas.
Trompa	Pequena bóveda semicónica, proxectada cara a fóra do muro, disposta na base da cúpula e co vértice no ángulo de dous muros. Permite un cambio de planta en calquera nivel da construción, mediante a superposición de dúas estruturas de diferente trazado xeométrico, por exemplo unha cúpula sobre unha base cadrada.
Veladura	Tinta transparente que se aplica para suavizar o ton do pintado ou para conseguir unha maior fusión das cores.

Xamba	Cada unha das dúas partes verticais, situadas aos lados do oco dunha porta ou dunha ventá, que sosteñen o lintel ou o arco. Especialmente, a superficie interna deses elementos verticais.
-------	--